

Un documento galego do ano 1482

RAMÓN LORENZO
Universidade de Santiago

Publicamos a continuación un documento do a. 1482 polo que o mosteiro de S. Croyo (hoxe San Clodio, no municipio de Leiro) afora un casar e varias leiras a Roy do Moredo na freguesía de San Miguel de Lebosende, que aínda existe hoxe e pertence ó municipio de Leiro e á diocese de Ourense. No documento menciónanse varios lugares desta parroquia (Portela, Corbal, Groba) e algúns topónimos de montes e viñedos aínda coñecidos (Vilaboa, Cheenlo, Seara, Rigeiro, Gontille, Cisterna), xunto a outros para os que non atopamos referencia (Pena das Arcas, Os Parámeos, Destelo). Tamén se citan as xurisdiccións de Terra de Orcellón e Terra de Dozón.

O documento está escrito en pergamiño e pertence á familia de D. Tomás Iribarren Fernández-Rogina, de Pontevedra. O Sr. Iribarren concedeunos moi amablemente o permiso para a súa publicación por intermedio do Dr. Viña Liste e agradecemoslle moi cordialmente o seu consentemento para dalo a coñecer.

No verso do manuscrito, na parte superior, lese, con letra do mesmo copista: "Carta d'aforamēto de Rroy do Moredo, do lugar da Portela".

Na marxe inferior, con letra máis moderna, escribiuse: "año 1482. Lebosende. Legajo 12. n^o 1^o".

Tamén aparece, con outra letra máis moderna, na marxe superior dereita, escrito noutra posición: "Lebosende. Rui de Moredo./ El casar da Portela y/ viñas. Ano de 1482./ 1 carnero. ij capones. Foro de / 4^o / Senalado n^o 53". Na parte superior esquerda di "Lebosende".

O contido do documento é o seguinte:

Ano¹ do nasçemēto do noso señor Ihesu Cristo de mjll¹ et quatro-

¹ No ms. con til innecesario.

centos et oytenta e dous anos¹, vijnte e sete días do mes de juyo. Sábean todos como¹ nós, don frey Juã de Grijoa, abade do mosteiro de San Croyo do Rribeyro Daabia, e frey Gonçaluo de San Fijns, prior do dito mosteiro, e frey Rrodrigo e frey Juã de Canba e frey Álvaro e frey Juã Ledo e frey Álvaro o Moço, monjes do dito mosteiro, seëdo todos jutos dentro ão dito noso mosteiro per tangemêto de canpãa, segundo que o avemos d'uso e de custume, e avendo sobre esto noso acordo e consello, por esta carta aforamos e damos en aforamêto a vós, Rroy do Moredo, morador ãna fregesía de San Migeel de Lebosende, que sodes presente, e a vosa muller Costança Peres, en vosas vidas danbos, e a outras tres voses despoys do finamêto do pustromejro de vós, que sejan fillos ou fillas que anbos ajades de consũu, e nõnos avendo y ao tempo do finamêto do pustromejro de vós que seja vós² aquel que de dereito erdar os bẽes do pustromejro de vós, et vaan¹ as ditas voses nomeadas hũa pus outra, feitas e nomeadas por ordẽe suçesiue, combén a saber esto que vos así aforamos o noso casar da Portela, que jas ãna dita fregesía de Lebosende. Aforámosvos o dito casar cõ todas súas casas e erdades e soutos e cortinas e árbores e montes e cõ todas súas entradas e seýdas, segundo que o tragí(j)a a jur e a mão Gomes da Rrana; e cõ esto vos aforamos duas leyras d'erdade de monte, que jasen ãna dita fregesía de Lebosende, que jas a hũa delas onde chamã Os Parámeos, e parte de fondo per outra de Pero Ledo e ençima topa ãno camjno que vay para a Pena¹ das Arcas, e a outra leyra jas aa Pena das Arcas e parte de fondo per outra de Lopo Colmeyro e ençima topa en outra de Juã do Porto. Aforámosvos o dito casar e erdades sobreditas cõ todas súas entradas e seýdas, jures, dereitos e pertesças, segundo que lle pertesçen e ho an e deben a aber de dereito et d'uso e de custume, con tal pleito e su tal cõdiçõ que tenades as casas do dito casar todas corregidas, cubertas e ben rreparadas e que façades de vina as erdades do dito casar que están de montes e as outras duas leyras que vos aforamos en estes des anos¹ primejros que veen, e que as labredes e paredes ben todas, en tal maneja que se o dito casar e erdades sobreditas e cousas a el pertescentes nõ percan por mingoa de labor e de boo paramêto, e que leyxedes a Gonçaluo da Rrana o seu quinón deste dito casar, segundo que o el agora trage a jur e a mão, e el que page o seu quinón do seruyço³ e foros, segundo que he d'uso de se pagar, e que diades e pagedes de foro de tódaslas erdades do dito casar en vida de vós,

² Vós, en lugar da grafía *voz*.

³ Aparece escrito *seruyçõ*, con til innecesario.

o dito Rroy do Moredo, e da dita vosa muller, foro de quynto, e as outras dúas voses logo sigentes dará foro de quarto e a outra vós² pustromejra dará foro de terço; e das outras dúas leyras que, en vida de vós, o dito 40 Rroy do Moredo, e da dita vosa muller, daredes foro de sesto e as outras dúas voses logo sigentes dará foro de quynto e a outra vós² dará foro de quarto. E aínda vos aforamos mays outras dúas leyras d'erdade de vina, que jasen en Vilaboa, ontre outras de Gonçaluo da Rrana, que son do dito noso mosteiro; e mays vos aforamos outras tres leyras d'erdade de vina, 45 que jasen ãna Corbal, e outras dúas en Cheenlo e outra a su a Seara e outra ao Rrigeiro. Estas ditas nobe leyras son cō a dita nosa igleia⁴ de Lebosende e voslas aforamos cō condiçõ que as labredes e paredes ben e que, en vida de vós, o dito Rroy do Moredo, et da dita vosa muller e das primejras dúas voses, que pagedes delas foro de quarto e a outra vós² 50 dará foro de terço, e así cada ano¹, todo coleyto por noso mordomo, ao qual avedes de probeer e dar de comer et de beber mentre cōvosco esteber a rresçeber o dito foro; e leuaredes o dito foro por vosa custa da seara da Portela ao noso lagar da cozina e das de Vilaboa ao noso lagar da Groba e das da igleia⁴ ao lagar da igleia⁴ e das de Parámeos e da Pena¹ 55 das Arcas e doutras algúas, se as teberdes en Gontille, que as lebedes hũu ano¹ ao noso lagar da cozina e outro ano¹ ao noso lagar da Groba; e daredes mays por foros e seruyço e dereitos a nós, o dito abade, e aos outros abades que despoys de nós vieren, porlo dito casar cada ano¹ hũu boo carneyro, cō seu pan e cō seu vino, por cada día de San Juã, e dous 60 capoos de campo por cada día de Natal, e pagaredes mays, aalende desto, outros foros algũus, se os acharen no foro vello, se o poderen achar, e daredes mays o quarto das castanas, das que son do mosteiro aa cozina e das da igleia⁴ ao abade, así das do Destelo como¹ das da Çisterna, et pagaredes o foro do pan, se o labrardes, e que o pagedes así como¹ avedes 65 de pagar do vino, e así cada hũu ano¹, e do al que ajades e lebedes esto que vos aforamos de dísimo a Deus, libre e quite de todo outro trebutto, çẽso⁵ e cárrego algũu, saluo se o ouverdes de vender ou deytar ou supinorar esto que dito he ou algũa parte delo que primejramẽte nos frontedes cō elo e noslo diades porlo justo preço que outro por elo der, querẽdo 70 nós, e nõno querendo que o façades a ome⁶ que seja boo labrador, manso

⁴ No ms. aparece escrito *iglia*, cunha raia cruzando a palabra. Lemos *igleia*, se ben cabe a posibilidade de que sexa abreviatura de *iglesia*.

⁵ No ms. podemos ler *çẽso* ou *çeso*. Máis ben parece que di *çeso*, cun ç rebirado sen chegar a formar til.

⁶ Lemos *ome*. No ms. está *ome* con til. Por iso cabe consideralo innecesario ou

e seguro, tal que labre e pare ben todo esto, e día et page cada ano¹ o dito foro e c(l)unpla as condiçõs desta carta, e seeredes vasalos obdientes do dito noso mosteiro e nõ lle porredes outro señor a rrostro, e obligamos a nós⁷ e a tódoslos óutros bẽes do dito noso mosteiro para vos defender 75 cõ esto a dereito. E eu, o dito Rroy do Moredo, que soo presente, por m̃ e porla dita mjna muller e voses depús nós, así rresçebo de vós, o dito abade, e prior e conbento, esto que nos aforades porlas manejas e condiçõs sobreditas, que prometo e outorgo de atender e conprir per m̃ e por todos meus bẽes, que para elo obligo. Outorgamos nõslas ditas 80 partes que a parte de nós que a esto foy ou pasar e ho así nõ conprir e agardar, que día et peyte por pena¹ á outra parte que o agardar e conprir dous mjll¹ morauedís⁸ de moeda vella, e á vós² del rrey outro tanto peyte, e a pena¹ paga ou nõ, todaví(j)a esta carta fique firme e valla. Ffeita a carta dentro ño dito mosteiro de San Croyo, os ditos día, ano¹ e mes. 85 Testemoyas⁹ que estauã presentes: Pero Gonçalues, clérigo, e Pero Ledo e Juã Afonso¹⁰ da Beyga e Juã d'Anllo. Et eu, Rrodrigo de Frogil, notario público de noso señor el rrey en terra d'Orselló e de Doçó, e notario público do señor conde de Rribadabia en todas súas terras e senorío, a esto que dito he cõ as ditas testemoyas⁹ presente foy e ho escripuý e 90 aquí meu nome¹¹ e signo puge en testemoyo¹² de verdade, que tal he (nome e signo: Rrodrigo de Frogil. Notario).

COMENTARIO

1. Algunhas consideracións fonéticas e morfolóxicas.

Neste texto podemos ver xa moitas características do galego moder-

que representa *omen*. É máis probable que sexa simple grafía latinizante e que debamos ler *ome*, como corresponde ó galego. Debe ser idéntico, polo tanto, ó caso de *nome* (cfr. n. 11).

⁷ No ms. está escrito *años*, con til, coma se fose a grafía do sust. *anos*.

⁸ No ms. está abreviado en *mrs.*, con raia sobre a abreviatura. Lemos *morauedís*, pero tamén se pode ler *marauedís*.

⁹ No ms. está abreviado en *ts*. Lemos *testemoyas* por ser esta unha das formas máis típicas do galego medieval.

¹⁰ No ms. está escrito *A^o*.

¹¹ No ms. leva un til innecesario.

¹² No ms. está abreviado en *ts*. Lemos *testemoyo* por ser esta unha das formas máis usadas nos documentos medievais.

no xunto a outras típicas da lingua medieval. Coma particularidades máis importantes témo-las seguintes:

1.1. Xunto á forma *áynda* (1. 43), atopámo-lo rasgo típico galego *ai > ei* en *seydas* (1. 19,26).

1.2. Aparece xa a forma palatalizada *puge* (1. 91), antecedente do moderno *puxen*, que separa o galego claramente do portugués antigo e moderno *pus*.

1.3. Para o demostrativo neutro, así como para as formas masculinas de 3ª. persoa do demostrativo e do pronome persoal, só aparecen as formas máis propias do galego arcaico e do moderno: *esto* (1. 8,16, 20,66,69,72,76,78,81,90), *desto* (1. 61), *aquel* (1. 14), *el* (1. 33,35).

1.4. Non aparece a forma *lo* do artigo co infinitivo ou con outra forma verbal rematada en -s: “erdar os bēes” (1. 14), “tenades as casas” (1. 28), etc. Pola contra, aparece *lo* (artigo ou pronome) con *por*, *nos*, *vos* e *todos* e nestes casos aínda non se rexistra na escrita a asimilación do *r* ou *s* ó *l* do artigo: “*porlo* dito casar” (1. 59), “*porlo* justo preço” (1. 70), “*porla* dita mjna muller” (1. 77), “esto que nos aforades *porlas* manejas e condiçōs sobreditas” (1. 78), “*nōslas* ditas partes” (1. 80), “*noslo* diades” (1. 70), “*voslas* aforamos” (1. 48), “*tōdaslas* erdades” (1. 37), “*tōdoslos* outros bēes” (1. 75). Aparece a primeira forma en “de *vōs*, o dito Rroy do Moredo” (1. 37-38,40,49), “de *vōs*, o dito abade” (1. 77-78), “a *nōs*, o dito abade” (1. 58).

1.5. Como é normal no galego de tódalas épocas, aparece a terminación en -*emento* para os derivados da segunda conxugación: *nasçemēto* (1. 1).

1.6. Decídese pola solución máis galega *oi* en *Rroy* (1. 9,38,41,49, 76) e no verbo *ser*: (eu) *foy* (1. 90), cando o normal sería *fuy*, e (el) *foy* (1. 81).

1.7. O grupo -*str-* interior conserva o -*r-* en *rrostro* (1. 74), como corresponde ó galego, que se separa do portugués *rosto*.

1.8. Coma resultado de *gua* aparece a forma máis galega *agardar* (1. 82, 2 veces). En cambio, coma resultado de *qua-*, aínda que maioritariamente en galego aparece *ca-*, o texto decídese pola graffa latina: *quatrocentos* (1. 1-2), *qual* (1. 52). En *quarto* (1. 39,43,50,63) corresponde ó galego moderno *cuarto*.

1.9. Hai neutralización de xordas e sonoras. Así, non se diferencia entre *s* xordo e sonoro, aparecendo sempre a grafía simple en posición intervocálica e nunca a dobre. Isto indica que xa non se practicaba a distinción e que desaparecera o sonido sonoro, quedando no sistema unicamente o fonema alveolar fricativo /s/. Consecuentemente, atopamos *no-so* (l. 1,7,8,17,45,51,54 2 v., 57 2 v., 74,75,88), *nosa* (l. 47), *vosa* (l. 11,38,41,49,53), *vosas* (l. 11), *así* (l. 16,51,64,65,66,77,81), *pasar* (l. 81), *vasalos* (l. 73) e *suçesiue* (l. 16). Desta maneira iguálase a *casas* (l. 18,28), *casar* (l. 17,18,26,29,30, etc.), *presente* (l. 10,76,90), *cousas* (l. 33), etc.

1.9.1. Tamén estaba en proceso de desaparición a oposición das africadas /z/ e /ʒ/, que se representaban respectivamente coas grafías *z* e *ç*. Isto leva coma consecuencia que nun primeiro paso, ó se produci-la desonorización, apareza unicamente o fonema xordo /ʒ/ e que despois se produza unha desafricación, case simultánea á desonorización, pasando os dous fonemas primitivos a soar coma /s/ fricativo dorso-dental. No texto represéntase normalmente coa grafía propia o sonido xordo, cousa normal se temos en conta que foi o sonido gañador nun principio: *quatrocentos* (l. 1-2), *Moço* (l. 6), *Gonçaluo* (l. 4, 34, 44), *ençima* (l. 23, 25), *pertesças* (l. 27), *cõdiçõ* (l. 28), *condiçõ* (l. 48), *condiçõs* (l. 73, 79), *façades* (l. 29, 71), *pertescentes* (l. 33), *pertesçen* (l. 27), *Costança* (l. 11), *seruyço* (l. 36, 58), *terço* (l. 40, 51), *suçesiue* (l. 16), *Çisterna* (l. 64), *çẽso* (l. 68), *preço* (l. 70), *naşçemẽto* (l. 1), *Doçõ* (l. 88), *rresçebo* (l. 77), *rresçeber* (l. 53). Pola contra, do sonido sonoro primitivo só temos esporadicamente a forma *cozina* (l. 54, 57, 63). O resto das formas aparecen con *s*, o que indica que xa se chegara ó novo sonido fricativo /s/, despois da desonorización: *Peres* (l. 11), *Gomes* (l. 20), *vós* 'voz' (l. 14, 39, 42, 50, 83), *vozes* 'vozes' (l. 11, 15, 39, 42, 50, 77), *jas* (l. 17, 22, 24), *jasen* (l. 21, 44, 46), *des* 'dez' (l. 31) e *dísimo* (l. 67). O novo resultado tamén o indica a grafía *d'Orsellõ* (l. 88), en lugar da forma esperada *Orçellón*.

1.10. No galego primitivo había unha oposición entre /b/ bilabial oclusivo (procedente de *b*- inicial, de *-p*- intervocálico, de *-b*- interno tras nasal ou de *-bb*-) e /β/ bilabial fricativo, non labiodental, cando procedía de *u*- inicial e de *-b*- intervocálico ou tras certas consoantes (*-lb*-, *-rb*-). Esta distinción entre *b*/β xa non se practica ben no manuscrito, posto que no séc. XV había igualación dos dous resultados nun único fonema bilabial e, consecuentemente, no noso texto hai unha clara tendencia a escribir *-b*- en posición interior: *Daabia* (l. 4), *árbores* (l. 19), *deben a aber* (l. 27), *labredes* (l. 32, 48), *labrardes* (l. 65), *labrador* (l.

71), *labre* (l. 72), *labor* (l. 33), *Corbal* (l. 46), *nobe* (l. 47), *probeer* (l. 52), *beber* (l. 52), *esteber* (l. 53), *Groba* (l. 55, 57), *teberdes* (l. 56), *lebedes* (l. 56, 66), *libre* (l. 67), *Rribadabia* (l. 89). Tamén en posición inicial: *Beyga* (l. 87). Son cultismos, e por iso van normalmente con -b-, as palabras *trebuto* (l. 67), *obidientes* (l. 73), *público* (l. 88, 89) e *obli-go* (l. 80), *obligamos* (l. 74-75).

1.10.1. O sonido oclusivo témolo en *boo* (l. 34, 60, 71), *abade* (l. 3, 58, 64, 78), *abades* (l. 59), *Lebosende* (l. 10, 17, 21, 48), *Vilaboa* (l. 44, 54), *rresceber* (l. 53), *rrescebo* (l. 77), *sábean* (l. 2), *sobreditas* (l. 33), *saber* (l. 16), *cubertas* (l. 29), etc. A representación coma fricativo, ou polo menos a grafía con *v* ou *u* está en: *vijnte* (l. 2), *vós* (l. 9, 12, 14, 15, 37, 39, 40, 42, 49, 50, 77, 83), *vos* (l. 16, 20, 31, 43, 45, 67, 75), *vosa* (l. 11, 38, 41, 49, 53), *vosas* (l. 11), *voses* (l. 11, 15, 39, 42, 50, 77), *vaan* (l. 15), *vay* (l. 23), *vida* (l. 37, 40, 49), *vidas* (l. 11), *Vilaboa* (l. 44, 54), *voslas* (l. 48), *vieren* (l. 59), *vino* (l. 60, 66), *vina* (l. 30, 43, 45), *vender* (l. 68), *vasalos* (l. 73), *vella* (l. 83), *vello* (l. 62), *valla* (l. 84), *verdade* (l. 91), *veen* (l. 31), *Aluaro* (l. 5, 6), *seruyço* (l. 36, 58), *saluo* (l. 68), *leuaredes* (l. 53), *estauã* (l. 86), *suçesiue* (l. 16), *escripuý* (l. 90), *avemos* (l. 8), *avendo* (l. 8, 13), *avedes* (l. 52, 65), *aforámosvos* (l. 18, 25), *ouverdes* (l. 68), *todavía* (l. 84). Tamén transcribimos así as formas *Gonçaluo* (l. 4, 34, 44), *Gonçalues* (l. 86) e *morauedís* (l. 83).

1.10.2. Por outra banda, en *conbento* (l. 78) e *conbén* (l. 16) iguálase a *Canba* (l. 5), *danbos* (l. 11) e *anbos* (l. 13), por iren tras nasal, frente a *cōvosco* (l. 52), que aparece escrito *cō vosco* no manuscrito.

1.11. O -n- intervocálico latino desapareceu en romance, deixando nasalizada a vocal anterior. Esta nasalización propia dos primeiros tempos do idioma ten unha historia diferente, segundo a posición dentro da palabra. Na maior parte das palabras que a levaban en posición interna acaba por desaparecer. No séc. XV pode haber aínda casos de alternancia, mais no noso texto xa non se rexistra. De aí que se escriba *Vilaboa* (l. 44, 54), *moeda* (l. 83), *nomeadas* (l. 15, 16), *Seara* (l. 46, 54) e *veen* (l. 31).

1.11.1. A evolución é diferente cando na época medieval quedaba en posición final de palabra a vocal nasal + unha vocal da mesma natureza (*ũu*, *ãa*, *ẽe*, *ĩi*) ou cando era *-ão*, *-ães*, *-ões*. Neste caso, frente ó portugués, que conserva a vocal nasal resultado da contracción ou formou un ditongo nasal (*ã*, *ẽ*, *õ*, *ĩ*, *ũ*, *ãũ*, *õĩ*, *ãĩ*), o galego chegou nunhas zonas á desnasalización e noutras á reposición dunha consoante nasal velar, desprazada á posición implosiva. As palabras que sufriron esta evolución, polo xeral, no

manuscrito aínda conservan o estadio primitivo de nasalización: *canpãa* (l. 7), *de consũu* (l. 13), *bẽes* (l. 14, 75, 80), *ordẽe* (l. 16), *mão* (l. 20, 35), *hũu* (l. 57, 59, 66), *algũu* (l. 68), *algũus* (l. 62).

1.11.2. No caso do artigo ou indefinido feminino hai alternancia: *hũa* (l. 15, 22), *algũa* (l. 69) e *algúas* (l. 56). As formas modernas deberían ser *úa* e *algúa* e non *unha*, *algunha*, que están formadas sobre os masculinos *un* e *algún*. Tampouco aparece a nasalización en *boo* (l. 34, 60, 71), correspondente ó moderno *bo*, e na forma verbal (eu) *soo* (l. 76), que debería ter dado **so* (moderno *son*).

1.11.3. Moi importante é o caso de *capoos* (l. 61), xa sen vocal nasal e coa atracción do *e* final polo *o* tónico: *capões* > *capõos* > *capoos* (antecedente do moderno *capós*). En cambio, en *condiçõs* (l. 73, 79), haberá que ler *condiçõns*, tamén con atracción do *e* polo *o*, contracción das dúas vocais sen perda da nasalidade e reconstonantización: *condições* > *condiçõos* > *condiçõs* > *condiçõns*. Forma analoxicamente nasalizada é *Fijns* (l. 4).

1.12. Hai elisión da vocal *e* nas formas *do* (l. 1, 2, 4, 6, etc.), *da* (l. 20, 34, 44, 49, 53, etc.), *das* (l. 23, 24, 40, 50, 54, 55, etc.), *Daabia* (l. 4), *d'uso* (l. 8, 28, 36), *danbos* (l. 11), *d'erdade* (l. 21, 43, 45), *delas* (l. 22, 50), *delo* (l. 69), *deste* (l. 34), *desta* (l. 73), *doutras* (l. 56), *desto* (l. 61), *del rrey* (l. 83), *d'Anllo* (l. 87), *d'Orsellõ* (l. 88), *Rribadabia* (l. 89). Non se dá en *sobre esto* (l. 8) ou, por exemplo, en *de atender* (l. 79).

1.13. Non se practica a contracción da preposición *con* co artigo e por iso temos *con a*, *con as* + sustantivo, coa grafía *cõ a* (l. 47), *cõ as* (l. 90). Tampouco ocorre con *en*, nas combinacións *en outra* (l. 25) e *en estes* (l. 31). No caso de *en + lo*, o normal é aínda atopar *enno*, *enna*, grafiados *ẽno* (l. 7, 23, 85), *ẽna* (l. 10, 17, 21, 46). Só unha vez aparece o moderno *no* (l. 62). Por outra banda, con *a* non se fai a contracción en *ao* (l. 13, 47, 52, 54, 55, 57, 64), *aos* (l. 58). En cambio, alternan no feminino *aa* (l. 24, 63) e *á* (l. 82, 83). Cfr. a grafía innecesaria *aalende* (l. 61).

1.14. Practícase pouco o rotacismo do *l* nos cultismos ou semicultismos. Só hai un caso de alternancia en *conprir* (l. 79, 81, 82) e *c(l)unpla* (l. 73); en tódolos outros casos aparece a forma máis culta: *obligo* (l. 80), *obligamos* (l. 74-75), *clérigo* (l. 86), *público* (l. 88, 89), *pleito* (l. 28) e *igleia* (l. 47, 55 2 v., 64).

1.15. Nalgúns casos hai alternancia vocálica, coma en *por* (l. 9, 16, 33, 76, 80, 82), *per* (l. 7, 22, 24, 79). Aparecen con *o* as formas *mingoa* (l. 33), *conprir* (l. 79, 81, 82), *nomeadas* (l. 15, 16) e *Gontille* (l. 56). Con *u* están *custume* (l. 8, 28), *pus* (l. 15), *depús* (l. 77), *ubertas* (l. 29), *supinorar* (l. 68-69) e *muller* (l. 11, 38, 41, 49, 77). Tamén é interesante a combinación *u...o* en *pustromejro* (l. 12, 14, 15) e *pustromejra* (l. 39) e a forma medieval *ontre* (l. 44), en lugar de *entre*. Na posibilidade de alternancia *e/i*, teñen e *Parámeos* (l. 22, 55), *trebutto* (l. 67), *fregesía* (l. 10, 17, 21), *sábean* (l. 2) e *corregidas* (l. 29); con *i* están *mingoa* (l. 33), *dia* (l. 72, 82), *diades* (l. 70), *dísimo* (l. 67), *Rrigeiro* (l. 47), *obidentes* (l. 73) e *supinorar* (l. 68-69).

1.16. Só aparecen as terminacións medievais *-çon* e *-ço*: *cōdiçõ* (l. 28), *condiçõ* (l. 48), *condiçõs* (l. 73, 79), *seruyço* (l. 36, 58), *terço* (l. 40, 51) e *preço* (l. 70).

1.17. Hai palabras que xa presentan a forma evolucionada, coa contracción de dúas vocais, como en *oytenta* (l. 2), *mordomo* (l. 51), *pertesças* (l. 27), *pertesçen* (l. 27), *pertescentes* (l. 33). Así se transcribe tamén *mosteiro* (l. 3, 5, 6, 45, 63, 74, 75, 85), que no ms. aparece abreviado. Noutras palabras consérvanse as dúas vocais: *seẽdo* (l. 6), *seeredes* (l. 73), *probeer* (l. 52), *Cheenlo* (l. 46), *Migeel* (l. 10), *vijnte* (l. 2), *Fijns* (l. 4), *veen* (l. 31), *vaan* (l. 15). Tamén aparece na graffía con dobre vocal *ordēe* (l. 16).

2. As graffías.

Con referencia ás graffías tamén cómpre facer algunhas consideracións.

2.1. Representación do palatal /j/. É normal que no texto se faga unha clara separación entre a graffía *l* para a consoante simple e *ll* para a palatal: *delas* (l. 22, 50), *Vilaboa* (l. 54), *vasalos* (l. 73), etc., fronte a *consello* (l. 8), *muller* (l. 11, 38, 41, 49, 77), *fillos* (l. 12), *fillas* (l. 12), *lle* (l. 27, 74), *Gontille* (l. 56), *vello* (l. 62), *vella* (l. 83), *valla* (l. 84), *d'Anllo* (l. 87) e *d'Orselló* (l. 88). Hai dúas excepcións: *mill* (l. 1, 83), en lugar de *mil*, e *coleyto* (l. 51), en lugar de *colleyto*, que fan referencia á dobre posibilidade de representación para ambos fonemas, propia de toda a época medieval. Coma norma común a case tódolos textos galegos, non aparece a graffía *lh*.

2.2. Representación de /ɲ/. Tamén mostra claramente a situación

dos textos galegos, que descoñecen, en xeral, *nh* e alternan en toda a Idade Media *n* e *ñ* (ou *nn*). Aquí temos *señor* (l. 1, 74, 88, 89), xunto ó maioritario uso de *n*: *senorío* (l. 89), *mjna* (l. 77), *supinorar* (l. 68-69), *castanas* (l. 63), *vino* (l. 60, 66), *cozina* (l. 54, 57, 63), *quinón* (l. 34, 36), *vina* (l. 30, 43, 45), *tenades* (l. 28), *camjno* (l. 23) e *cortinas* (l. 18). Tamén é posible que *da Rrana* (l. 20, 34, 44) sexa grafía de *Raña*.

2.3. Para a representación da consoante nasal implosiva alternan na época medieval *n*, *m* ou *til*, con clara preferencia nos textos galegos por *til* ou *n*. Neste texto non hai ningún caso de *m* e mesmo aparece *n* ante *b* ou *p*: *Canba* (l. 5), *canpãa* (l. 7), *danbos* (l. 11), *anbos* (l. 13), *conbén* (l. 16), *canpo* (l. 61), *conbento* (l. 78), *conprir* (l. 79, 81, 82), *c(l)unpla* (l. 73), *tenpo* (l. 13). Alternan sempre *n* ou *til*, sendo moito máis usada a grafía con *n* (anotei uns 110 casos por uns 55 con *til*): *sábean* (l. 2), *don* (l. 3), *San* (l. 4, 10, 60, 85), *monjes* (l. 6), *dentro* (l. 7), *sejan* (l. 12), etc., etc.; *Juã* (l. 3, 5, 25, 60, 87), *seëdo* (l. 6), *jutos* (l. 6), *tangemêto* (l. 7), *cõ* (l. 18, 19, 20, 26, etc.), *nõ* (l. 33, 74, 81, etc.), *finamêto* (l. 12, 13), etc., etc. En casos coma *ëno* (l. 7, 23, 85), *ëna* (l. 10, 17, 21, 46), *nõno* (l. 71), *nõnos* (l. 13), temos que ler, polo tanto, *enno*, *enna*, *nonno*, *nonnos*.

2.3.1. Por tendencia latinizante e por rutina, aparece, ás veces, *til* en casos nos que non lles corresponde e nos que non ten ningún valor. Así, en *ãno* (l. 1, 51, 57, 59, 66, 72, 85), *ãnos* (l. 2, 31), *cõmo* (l. 3, 64, 65), *Pëna* (l. 23, 55, 82, 84), xunto a *Pena* (l. 24), *nõme* (l. 91), *a nós* (l. 75) (escrito *años*) e, posiblemente, en *õme* (l. 71), se ben aquí tamén se podería ler á portuguesa *omẽ*.

2.4. En xeral, non se utiliza o *h* nas palabras que o tiñan en latín: *erdar* (l. 14), *erdades* (l. 18, 26, 30, 32, 37), *d'erdade* (l. 21, 43, 45), *aber* (l. 27), *an* (l. 27), *avemos* (l. 8), *avendo* (l. 8, 13), *avedes* (l. 52, 65), *ou-verdes* (l. 68). Pola contra, aparece *h* antietimolóxico, sen valor fonético, en *hũa* (l. 15, 22), *hũu* (l. 57, 59, 66), *he* (l. 36, 69, 90, 91) e *ho* (l. 27, 81, 90). Tamén se grafía con *h* o nome *Ihesu* (l. 1).

2.5. A conxunción *e* aparece escrita normalmente cun signo que se asemella algo á grafía moderna, mais en varias ocasións está escrita *et* (l. 15, 28, 49, 52, 64, 72, 82, 87).

2.6. Para a representación do velar sonoro /g/ ante *e* alternan sempre no medieval as grafías *gue/ge*. Neste texto úsase exclusivamente *ge*, como en *fregesía* (l. 10, 17, 21), *Migeel* (l. 10), *page* (l. 35, 72), *pagedes* (l. 37,

50, 65), *sigentes* (l. 39, 42) e *Rrigeiro* (l. 47). Desta maneira é idéntica a representación de [ge] e de [ʒe], pois tamén se documentan *trage* (l. 35), *tragíja* (l. 20), *puge* (l. 91) e *tangemēto* (l. 7), onde temos /ʒ/.

2.7. Para a representación da consoante prepalatal /ʒ/ en posición inicial é usual a grafía *j*: *juyo* (l. 2), *jūtos* (l. 6), *jas* (l. 17, 22, 24), *jasen* (l. 44, 46), *jur* (l. 20, 35), *jures* (l. 26), *justo* (l. 70), *Juã* (l. 3, 5, 25, 60, 87). Só aparece con *i* o nome *Ihesu Cristo* (l. 1). Tamén domina *j* en posición interna: *Grijoa* (l. 3), *monjes* (l. 6), *sejan* (l. 12), *seja* (l. 14, 71), *ajades* (l. 13, 66). Con *i* atopamos *igleia* (l. 47, 55 2 v., 64) e con *g* as formas *tangemēto* (l. 7), *tragíja* (l. 20), *corregidas* (l. 29), *trage* (l. 35), *Frogil* (l. 87) e *puge* (l. 91).

2.8. Para a representación da vocal /i/ alternan 3 posibilidades. A grafía moderna témola en case tódalas posicións: *días* (l. 2), *Grijoa* (l. 3), *ençima* (l. 23, 25), *igleia* (l. 47, 55, 64), *dereito* (l. 14, 27), *feitas* (l. 16), *pleito* (l. 28), *notario* (l. 87-88, 88), *senorio* (l. 89), etc. Xunto a ela aparecen as grafías *j* e *y*. A primeira en *mjll* (l. 1, 83), *vijnte* (l. 2), *Fijns* (l. 4), *pustromejro* (l. 12, 14, 15), *pustromejra* (l. 39), *tragíja* (l. 20), *primejramēte* (l. 69), *primejras* (l. 50), *primejros* (l. 31), *camjno* (l. 23), *manejra* (l. 32), *manejras* (l. 78), *todavíja* (l. 84), *mjna* (l. 77) e *mĵ* (l. 77, 79). A típica grafía medieval *y* está en *juyo* (l. 2), *frey* (l. 3, 4, 5, 6), *Croyo* (l. 4, 85), *Rribeyro* (l. 4), *Rroy* (l. 9, 38, 41, 49, 76), *despoys* (l. 12, 59), *vay* (l. 23), *Colmeyro* (l. 25), *oytenta* (l. 2), *seydas* (l. 19, 26), *y* (l. 13), *mays* (l. 20, 43, 45, 58, 61, 63), *leyras* (l. 21, 31, 40, 43, 45, 47), *leyra* (l. 24), *rrey* (l. 83, 88), *leyxedes* (l. 34), *seruyço* (l. 36, 58), *quynto* (l. 38, 42), *escripuý* (l. 90), *coleyto* (l. 51), *carneyro* (l. 60), *deytar* (l. 68), *Beyga* (l. 87), *peyte* (l. 82, 83), *foy* (l. 81, 90) e *áynda* (l. 43). Tamén transcribimos con *y* as formas *testemoyas* (l. 86, 90) e *testemoyo* (l. 91).

2.9. Nos textos medievais é moi usual a grafía *u* para representar o fonema fricativo /b/, sempre alternando coa grafía *v*. No noso texto en posición inicial só aparece a grafía moderna con *v*, dándose a alternancia *u*, *v* en posición interna. Véxanse os exemplos en § 1.10.

2.10. Alternancia gráfica *ç/c* e *ç/sç*. O normal é que se utilice a grafía *ç* ante *e*, *i* (*suçesiue*, *ençima*, *çẽso*, *Çisterna*, etc.) e tamén ante *a*, *o* (*Costança*, *terço*, *Moço*, etc.). Véxanse os exemplos en § 1.9. Só aparece a grafía *c* en *quatrocentos* (l. 1-2) e *pertescentes* (l. 33). Outra cousa é a utilización da grafía latinizante e innecesaria *sç* en *nasçemēto* (l. 1) e en *pertesçen* (l. 27) ou *pertescentes* (l. 33), o que fai que se propague ana-

loxicamente a *pertesças* (l. 27). Que era unha grafía artificial e non tiña realidade fonética demóstrao o feito de que aparece ultracorrectamente en *rresçeber* (l. 53) e *rresçebo* (l. 77).

2.11. O normal é a grafía simple de *f*: *feitas* (l. 16), *fique* (l. 84), *firme* (l. 84), etc. Xunto a ela aparece un caso de dobre representación en inicial: *ffeita* (l. 84). Por outra banda, o *R* maiúsculo transcribímolos sempre por *rr*.

3. O léxico.

3.1. No léxico atopamos formas interesantes coma *juyo* (l. 2) (hoxe deberíamos dicir *xuio* e non *xuño*), *Croyo* (l. 4, 85) ‘Clodio’, *despoys* (l. 12, 59), *dereito* (l. 14, 27, 76), *dereitos* (l. 26, 58), *fondo* (l. 22, 24), o medieval *su* (l. 28, 46) ‘baixo’ e *canpãa* (l. 7), antecedente de *campá*. Tamén se poden citar as palabras *suçesiue* (l. 16), *fregesía* (l. 10, 17, 21), *signo* (l. 91), *frey* (l. 3, 4, 5, 6), *tangemêto* (l. 7), *finamêto* (l. 12, 13), *de consiüu* (l. 13) ‘conxuntamente’, *pus* (l. 15) e *depús* (l. 77) ‘despois’, *jur* (l. 20, 35) e *jures* (l. 26), *paramêto* (l. 34) e *parar ben* (l. 32, 48, 72), *mentre* (l. 52), *Natal* (l. 61), *dísimo* (l. 67), *çëso* (l. 68), *cárrego* (l. 68), *peytar* (l. 82, 83 *peyte*), *frontedes* (l. 69) e *aalende* (l. 61). Están amais as formas medievais *y* (l. 13), *al* (l. 66), *quite* (l. 67), *elo* (l. 70, 80), *delo* (l. 69) e a grafía *sesto* (l. 41).

3.2. Nos verbos destacan formas hoxe descoñecidas, coma *sábean* (l. 2), *façades* (l. 29, 71), *percan* (l. 33), *veen* (l. 31), *trage* (l. 35), *tragíja* (l. 20), *vieren* (l. 59), *poderen* (l. 62), *porredes* (l. 74), *soo* (l. 76), *puge* (l. 91) e *leyxedes* (l. 34). Tamén aparece a forma típica galega *escripuý* (l. 90), pero en contra témo-lo arcaico *rresçeber* (l. 53), *rresçebo* (l. 77). Coma participios están *jütos* (l. 6) e *paga* (l. 84) e tamén a forma máis etimolóxica de participio de presente *sigentes* (l. 39, 42). Outras formas importantes son os hoxe dialectais *día* (l. 72, 82) e *diades* (l. 37, 70).

4. Sintaxe

4.1. Desde o punto de vista sintáctico, en moitas ocasións xa presenta a situación moderna. Así ocorre coa colocación do pronome átono enclítico ou proclítico: “aforámosvos” (l. 18, 25), “segundo que *lle* pertesçen e *ho* an” (l. 27), “aýnda *vos* aforamos mays outras dúas leyras” (l. 43), “que primejramête *nos* frontedes cõ elo e *noslo* diades” (l. 69-70), “e mays *vos* aforamos tres leyras” (l. 45), “se *as* teberdes en Gontille”

(l. 56), “queréndoos nós e *nōno* querendo” (l. 70-71), “*nō lle* porredes outro señor a rostro” (l. 74), “segundo que he d’uso de *se* pagar” (l. 36), “para *vos* defender *cō* esto” (l. 75), “que *as* lebedes” (l. 56), etc. Non se dá a colocación moderna en “estas ditas nobe leyras son *cō* a dita nosa igreia de Lebosende e *voslas* aforamos *cō* condiçõ que as labredes” (l. 48). Tampouco en “e *cō* esto *vos* aforamos mays dúas leyras” (l. 20), aquí debido á anteposición de “*cō* esto”.

4.2. Algunhas veces úsase o sistema medieval consistente na utilización de “a + forma tónica” do pronome, en lugar da forma átona: “e daredes mays por foros e seruyço e dereitos a *nós*, o dito abade” (l. 58), “e obligamos a *nós* e a tódolos outros *bēes*” (l. 74-75), “por esta carta aforamos e damos en aforamēto a *vós*” (l. 9).

4.3. En relación con isto está a dobre posibilidade de construción con “sust. + de + pron.” ou “poses. + sust.”. Así: “en vida de *vós*” (l. 37, 40, 49) ou “en *vosas* vidas danbos” (l. 11).

4.4. Na lingua arcaica utilizábase moito menos o artigo ca hoxe e ó longo dos séculos asistimos a un crecente incremento deste determinante. No texto hai moitos exemplos que o levan: “San Croyo *do* Ribeyro *Daa-bia*” (l. 4), “dentro *ēno* dito noso mosteiro” (l. 7), “morador *ēna* fregesía” (l. 10), “así como avedes de pagar *do* vino” (l. 66), “*porlo* justo preço” (l. 70), etc.

4.4.1. Con preposición é máis normal aínda a falta do artigo. Nuns casos segue sendo hoxe idéntico: “segundo que o avemos d’uso e de costume” (l. 8), “por mingoa de labor” (l. 33), etc. Noutros casos andando o tempo fíxose obrigatorio o uso do artigo ou, polo menos, potestativo: “parte de fondo per outra” (l. 22), “en terra d’Orsellõ” (l. 88), “dous *mjll* morauedís de moeda vella” (l. 83), etc.

4.4.2. Alterna en “ano do nasçemēto *do* noso señor Ihesu Cristo” (l. 1), “notario público *do* señor conde de Ribadabia” (l. 89) e “notario público *de* noso señor el rrey” (l. 88). Tamén aparece “a *hũa* delas” (l. 22) frente a “*hũa* pus outra” (l. 15).

4.4.3. Co posesivo hai alternancia no uso do artigo, como é típico de toda a época medieval: “que *vos* así aforamos *o* noso casar” (l. 17), “que page *o* seu quinón” (l. 35-36), “*ao* noso lagar” (l. 54, 57), “*do* dito noso mosteiro” (l. 74, 75), “*da* dita *vosa* muller” (l. 38, 41, 49), etc., frente a “en *vosas* vidas danbos” (l. 11), “*cō* todas súas casas” (l. 18), “*cō* todas súas entradas” (l. 19, 26), “coleyto por noso mordomo” (l. 51), “por *vosa*

custa” (l. 53), “hũu boo carneyro cõ seu pan e cõ seu vino” (l. 60), “avendo sobre esto noso acordo” (l. 8), “por todos meus bẽes” (l. 80), “aquí meu nome e signo puge” (l. 91), etc.

4.5. A preposición *a* alterna, ás veces, con *de* en construcións de “verbo + prep. + infinitivo”: “combén *a* saber” (l. 16), “e ho an e deben *a* aber” (l. 27), “avedes *de* probeer e dar de comer et de beber” (l. 52), “así como avedes *de* pagar” (l. 65-66). Aparece *de* en “que façades *de* vina as erdades... que están *de* montes” (l. 30). En “mentre cõvosco esteber *a* rresçeber o dito foro” (l. 53) pode equivaler a ‘para’.

4.5.1. Tamén pode haber interferencias entre as preposicións *a* e mais *en*: “que jasen *en* Vilaboa” (l. 44), “que jasen *ẽna* Corbal” (l. 46), “a outra leyra jas *aa* Pena das Arcas” (l. 24), “e outra *a* su a Seara e outra *ao* Rrigeiro” (l. 46-47).

4.6. Despois de *dentro* úsase a preposición *en*: “dentro *ẽno* dito mosteiro” (l. 7), “ffeita a carta dentro *ẽno* dito mosteiro” (l. 85). Co sustantivo *maneira* a locución “en tal maneira que” (l. 32).

4.7. Hai alternancia de construción en “cada ano” (l. 51, 59, 72) e “cada hũu ano” (l. 66), esta última típica da lingua medieval. Co sustantivo *día* so se coñece “cada día” (l. 60, 61).

4.8. É moi común a repetición de oracións coordinadas coa conxunción *e*, que tamén é usual nos numerais: “mjll *et* quatrocentos *et* oytenta e dous” (l. 1-2). A repetición da conxunción *que*, debido á intercalación doutros complementos, témola en “e *que*, en vida de vós... e das primeiras dúas voses, *que* pagedes” (l. 49-50).

4.9. No uso dos verbos non están aínda delimitados os campos de *ser* e *estar*, podendo aparecer *ser* co valor de *estar*, como lle corresponde ó seu valor primitivo: “*seẽdo* todos jũtos” (l. 6), “que *sodes* presente” (l. 10), “presente *foy* e ho escripuý” (l. 90), frente a “mentre cõvosco *esteber* a rresçeber o dito foro” (l. 53). O verbo *ser* tamén aparece dúas veces coma auxiliar formando a pasiva, en casos hoxe imposibles: “a esto que *dito he* cõ as ditas testemoyas presente *foy*” (l. 90), “esto que *dito he*” (l. 69).

4.10. Tampouco estaban aínda delimitados os campos de *haber* e *ter*, polo que *haber* aparece co seu valor orixinario de ‘ter’ en “avendo sobre esto noso acordo” (l. 8), “e nõnos avendo *y*” (l. 13), “e ho *an* e deben *a* aber” (l. 27), frente a “se as *teberdes* en Gontille” (l. 56).

4.11. É constante o uso do futuro de subxuntivo: “aque! que de de-reito *er*dar os bēes” (l. 14), “aos outros abades que despoys de nōs *vieren*” (l. 59), “se o *labrardes*” (l. 65), “se o *poderen* achar” (l. 62).

4.12. Lembremos tamén o uso de *don* cando o nome leva xa outro título: “*don* frey Juã de Grijoa, abade” (l. 3), pero “e frey Gonçaluo de San Fijns, prior” (l. 4).

4.13. Con referencia á orde de palabras, á parte o dito para o pronome átono, hai que indicar certas tendencias da lingua medieval que a lingua moderna restrinxiu ou eliminou. Referímonos á tendencia a coloca-lo verbo ó final da frase, á intercalación de palabras (unha ou máis) entre o pronome e o verbo ou ó intercambio de posición entre o suxeito e o obxecto. Así, en casos coma “en tal maneira que *se* o dito casar e erdades sobreditas e cousas a el pertescentes *nō percan*” (l. 33), “segundo que o *el agora trage*” (l. 35), “aos outros abades que despoys de nōs *vieren*” (l. 59), “e por todos meus bēes, que para elo *obligo*” (l. 80), “que a parte de nōs que a esto *foy* ou pasar e *ho así nō conprir*” (l. 81), “e á vós del rrey outro tanto *peyte*” (l. 83), “e aquí meu nome e signo *puge*” (l. 91), “a esto que *dito he* cō as ditas testemoyas presente *foy*” (l. 90).

4.14. Tamén se nota a posposición do indefinido *algún, algunha*, pero sen perde-lo seu valor afirmativo: “libre e quite de todo outro trebutto, çēso e cārrego *algūu*” (l. 68), “e da Pena das Arcas e doutras *algúas*” (l. 56), “e pagaredes mays, aalende destto, outros foros *algūus*” (l. 62).

Resumindo, podemos dicir que o texto presenta unha lingua con moitas características xerais da época medieval e con certas evolucións que mostran o estado xa actual ou están a medio camiño cara á solución moderna. Tamén mostra claramente, como ocorre case sempre, que a separación entre o galego e o portugués é xa medieval e que nunca houbo unha igualdade total. A maior parte dos feitos que separan hoxe os dous troncos xa se daban totalmente na Idade Media ou estaban a producirse daquela.